

**CONVOCATORIA E BASES PARA A SELECCIÓN DE  
PERSONAL TÉCNICO PARA O CONTROL DA  
CALIDADE DO MEXILLÓN DE GALICIA  
(CONTROLADOR EN PORTO)**



**CONVOCATORIA E BASES DE SELECCIÓN**

**BASE PRIMEIRA.- POSTOS QUE SE CONVOCAN.**

É obxecto da presente, convocar a selección para crear unha lista aberta á contratación segundo as necesidades de traballo do propio posto, que se rexerá polas presentes Bases.

O posto de traballo consiste en desempeñar as funcións propias de mostraxe e control de calidade do mexillón, con base nos portos de Arousa (Illa de Arousa, Vilanova, Vilaxoán e Cambados), e posibilidade de desprazarse a distintos portos de descarga ao longo da costa de Galicia. Está suxeito ás fluctuacións da actividade por mor das condicións naturais do produto (estacionalidade, etc.), climatoloxía, administrativas e de mercado, tendo carácter de contratación laboral indefinida de tipo fixo discontinuo.

A presente convocatoria publicarase mediante o anuncio contido no ANEXO I, e para a súa difusión e colocación no taboleiro de anuncios, será remitido á Oficina de Emprego de Vilagarcía de Arousa (Rúa Castelao, 25).

**BASE SEGUNDA.- REQUISITOS DOS/DAS ASPIRANTES.**

Os aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estudos mínimos: Graduado en ESO
- Coñecementos de Informática a nivel usuario do paquete Office.
- Carné de conducir e vehículo propio.
- Flexibilidade horaria para atender as necesidades ou urxencias puntuais relacionadas co traballo a desempeñar (de luns a domingo cos descansos legais establecidos).
- Residencia en concellos pertencentes á comarca do Salnés.
- Experiencia demostrada no sector do mexillón ou en postos similares.

Valorarase:

- Coñecementos de normas de xestión de calidade, de seguridade alimentaria-trazabilidade e Prevención de riscos laborais (ISO, IFS, MSC, PRL).

**BASE TERCEIRA.- SOLICITUDE, DOCUMENTOS, PRAZO E LUGAR DE PRESENTACION.**

As persoas interesadas, deberán presentar solicitude dirixida ao Consello Regulador do Mexillón de Galicia segundo modelo ANEXO II, acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia DNI.
- Fotocopia do Título que acredite os estudos mínimos esixidos como requisito das/os aspirantes.
- Fotocopia do carné de conducir

- Fotocopia de títulos ou certificados de cursos (Office, ISO, PRL, etc), ou acreditación de ter realizado módulo específico de informática dentro dunha actividade formativa.
- A experiencia acreditarase mediante informe de vida laboral da Seguridade Social ou informe das empresas contratantes.
- Certificación médica que acredite ás persoas candidatas como aptas para realizar as labores do posto de traballo nos peiraos, sen prexuízo dun posterior recoñecemento.

As fotocopias haberán estar compulsadas, ou cotexadas polo Consello Regulador do Mexillón de Galicia mediante presentación do orixinal de que se trate.

As solicitudes e documentos adxuntos presentaranse directamente no rexistro do Consello Regulador do Mexillón de Galicia, Edificio do Mexillón, Avda. da Mariña, 25, 36600 Vilagarcía de Arousa, de luns a venres en horario de 9 a 14 horas,

As solicitudes e documentos adxuntos poderanse presentar tamén mediante correo certificado dirixido ao Consello Regulador do Mexillón de Galicia ao enderezo anterior, debendo comunicar previamente dito envío mediante correo electrónico a [info@mexillondegalicia.org](mailto:info@mexillondegalicia.org).

A presentación das solicitudes e documentos deberase realizar dentro do prazo de 15 días naturais a partires da data de publicación das presentes Bases e anuncio (data de publicación 07.05.2019).

O medio para as publicacións que se citan no anuncio de convocatoria e nestas Bases refírense ao taboleiro de anuncios do Consello Regulador de Mexillón e da páxina web de Consello Regulador Mexillón de Galicia: [www.mexillondegalicia.org](http://www.mexillondegalicia.org) (nos apartados "Comunicación" e "Arquivo de novas").

#### **BASE CUARTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES**

Expirado o prazo de presentación de solicitudes, procederase á validación das mesmas, descartando as que non cumpran as características mínimas esixibles expostos como requisitos dos aspirantes e que non se acrediten cos requirimentos formais establecidos.

Así mesmo comprobarase a acreditación documental de aptitude do aspirante para a realización das tarefas do posto de traballo nos portos de descarga autorizados.

Desta validación emitirase resolución coa lista provisional de aspirantes que se publicará indicando admitidos/as e excluídos/as e a causa de exclusión, contra a cal se poden presentar as reclamacións oportunas dentro do prazo de 5 días hábiles contados a partir do día seguinte da súa publicación.

Unha vez finalizado o período de reclamacións publicarase resolución co listado definitivo de aspirantes admitidos/as, considerando que a estimación ou desestimación das reclamacións presentadas, se fose o caso, entenderase implícita na citada resolución.

Nesta listaxe definitiva de aspirantes, fixarase o lugar, data e hora de celebración da proba de coñecemento e da proba práctica, á que o aspirante deberá presentarse co DNI, carné de conducir ou pasaporte.

#### **BASE QUINTA.- COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.**

Constituirase un único Tribunal que estará integrado por un presidente, un secretario e 3 vocais. O Tribunal queda autorizado para adoptar os acordos necesarios en relación con aqueles aspectos non regulados na presente convocatoria, e poderá contar coa colaboración de asesores técnicos, con voz pero sen voto, os cales deberán limitarse ao exercicio da súa especialidade técnica, mesmo para todas ou para algunha das probas.

#### **BASE SEXTA.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.**

O proceso de selección será de concurso-oposición, segundo o seguinte proceso selectivo, que será avaliado consonte o baremo establecido na base sétima.

##### **1.- Proba de coñecemento:**

Consistirá en responder por escrito a un cuestionario tipo “test” con respostas múltiples durante o tempo que determine o tribunal, e versará sobre coñecementos xerais sobre as materias referidas ao posto de traballo.

##### **2.- Proba práctica:**

Consistirá en levar a cabo unha proba práctica de mostraxe e control de calidade en porto, e posterior rexistro documental, previo coñecemento dos procedementos de control.

##### **3.- Avaliación de méritos:**

O Tribunal, avaliará os méritos presentados e acreditados na forma establecida na base terceira.

##### **4.- Entrevista persoal.-**

A entrevista terá unha duración máxima de 10 minutos por aspirante. Na entrevista avaliarase a capacidade de expresión e a claridade expositiva sobre cuestións relativas ao contido da proba escrita, da experiencia profesional, así como as habilidades e actitudes persoais para o desenvolvemento das funcións de desempeño.

#### **BASE SÉTIMA- BAREMO DE PUNTUACIÓNS.**

As puntuacións das distintas probas realizarase conforme ao seguinte baremo:

##### **Proba de coñecemento:**

Cuestionario tipo “test” con respostas múltiples, con puntuación 0 (cero) para as preguntas erróneas ou non contestadas.

Nesta proba poderase obter unha avaliación máxima de 45 puntos, seleccionando as 25 mellores puntuacións.

##### **Proba práctica:**

Poderase acadar unha puntuación máxima de 22 puntos.

##### **Avaliación de méritos:**

- Coñecementos de normas de calidade (ISO, IFS, MSC, etc.), de seguridade alimentaria-trazabilidade e de seguridade-riscos laborais, ata un máximo de 6 puntos por cada área de coñecemento, podendo acadar unha puntuación acumulada máxima de 18 puntos por aplicación do seguinte criterio:

- Formación acreditada de ata 25 horas: 1 punto
- Formación acreditada de mais de 25 h. e de menos de 60 h: 2 puntos
- Formación acreditada de mais de 60 h.:3 puntos.

##### **Entrevista:**

Poderá acadar unha puntuación máxima de 15 puntos.

**BASE OITAVA.- CALIFICACIÓN FINAL.**

Obtida a puntuación parcial para cada aspirante, a puntuación final virá determinada pola suma das obtidas en cada unha das fases, sendo a cualificación máxima de 100 puntos. O Tribunal publicará resolución coa relación provisional ordenada por puntuación, cun máximo de 20 candidatos/as, cos nomes dos/as aprobados/as, podendo os/as aspirantes formular reclamacións no prazo de 5 días hábiles a partir da data de publicación.

**BASE NOVENA. - RELACIÓN DEFINITIVA DE APROBADOS/AS.**

Avaliadas polo Tribunal as reclamacións presentadas, se fose o caso, emitirá resolución coa listaxe definitiva de aprobados/as coa puntuación obtida, sendo esta a lista aberta a contratación.

**BASE DÉCIMA.- INCORPORACION AO POSTO DE TRABAJO**

Cando as necesidades de reforzo nas actividades de control así o precisen o Consello Regulador do Mexillón de Galicia requirirá ao candidato de maior puntuación de entre os próximos ao porto base de descarga, formalizando un contrato laboral de carácter indefinido de tipo fixo discontinuo.


Si algún aspirante non aceptase a oferta, será nomeado o seguinte aspirante con maior puntuación, e igual procedemento seguirase se fose preciso substituílo como consecuencia da súa suspensión, baixa ou extinción por calquera causa.

O que se fai público para xeral coñecemento, en Vilagarcía de Arousa a 6 de maio do 2019.



Francisco A. Alcalde García  
Presidente

## ANEXO I - Anuncio

<p><b>PROCESO DE SELECCION DE PERSOAL TÉCNICO PARA O CONTROL DA CALIDADE DO MEXILLÓN DE GALICIA (CONTROLADOR EN PORTO)</b></p>	 <p>MEXILLÓN DE GALICIA Consello Regulador</p>
--	---

### ANUNCIO DE CONVOCATORIA

**Obxecto da convocatoria:**

Selección de persoal para crear una lista aberta a la contratación segundo necesidades de traballo do posto de Técnico para o control da calidade do Mexillón de Galicia, con contrato laboral de carácter indefinido de tipo fixo descontínuo.

**Requisitos dos aspirantes:**

Os aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estudos mínimos: Graduado en ESO
- Coñecementos de Informática a nivel usuario do paquete Office.
- Carné de conducir e vehículo propio.
- Flexibilidade horaria para atender as necesidades ou urxencias puntuais que poidan xurdir relacionadas co traballo a desempeñar. (de luns a domingo cos descansos legais establecidos).
- Residencia en concellos pertencentes á comarca do Salnés.
- Experiencia demostrada no sector do mexillón ou en postos similares.

Ademais, valorarase:

- Coñecementos de normas de xestión de calidade, de seguridade alimentaria-trazabilidade e seguridade-riscos laborais (ISO, IFS, MSC, PRL).

**Fin do prazo para presentación de solicitudes**

A presentación das solicitudes e documentos deberase realizar dentro do prazo de 15 días naturais a partires da data de publicación das presentes Bases e anuncio (data de publicación 7 de maio de 2019)

**Bases da convocatoria e demais información:**


Taboleiro de anuncios do Consello Regulador do Mexillón de Galicia, Edificio do Mexillón, Avda. da Mariña, 25, 36600 Vilagarcía de Arousa, de luns a venres en horario de 9 a 14 horas e na páxina web [www.mexillondegalicia.org](http://www.mexillondegalicia.org) (nos apartados "Comunicacións" , "Novas" e "Arquivo de novas").

Vilagarcía de Arousa, a 6 de maio do 2019



Francisco A. Alcalde García  
Presidente

## ANEXO II - Solicitud

<b>SOLICITUDE DE PARTICIPACION NO PROCESO DE SELECCION DE PERSOAL TÉCNICO PARA O CONTROL DA CALIDADE DO MEXILLÓN DE GALICIA (CONTROLADOR EN PORTO)</b>	 <b>MEXILLÓN DE GALICIA</b> Consello Regulador

D./Dna. \_\_\_\_\_ con

D.N.I. \_\_\_\_\_, con residencia en rúa \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_, C.P. \_\_\_\_\_, localidade \_\_\_\_\_, concello  
\_\_\_\_\_, provincia \_\_\_\_\_ Tfno. \_\_\_\_\_, correo  
electrónico \_\_\_\_\_,

SOLICITA participar no proceso de selección de persoal técnico para o control da calidade do Mexillón de Galicia (Controlador de peirao), e a tal fin acompaña os documentos sinalados cun X:

- Fotocopia DNI.
- Fotocopia do Título que acredite los estudios mínimos esixidos como requisito dos aspirantes.
- Fotocopia do carné de conducir
- Fotocopia de títulos ou certificados de cursos (Office, ISO, UNE, etc), e/ou acreditación de ter realizado módulo específico de informática dentro dunha actividade formativa.
- Certificado médico que acredite ao aspirante como apto para realizar as labores do posto de traballo nos portos.
- Informe de Vida Laboral da Seguridade Social
- Outros:

Así mesmo, formula declaración responsable de cumprir os requisitos necesarios para participar neste proceso selectivo e manifesta dispoñibilidade para realizar o traballo, dispoñibilidade horaria de luns a domingo, nos portos de descarga de Galicia (Orde de 11 de decembro do 2008, da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos (hoxe Consellería do Medio Rural e do Mar) pola que se regula a descarga de mexillón e o seu control (artigos 2 e 3) e dispor de vehículo para realizar os desprazamentos necesarios para o desempeño das actividades nos distintos portos.


Lugar, data e sinatura \_\_\_\_\_

EDIFICIO DO MEXILLÓN –Avenida da Mariña, 25 · 36600, Vilagarcía de Arousa

Tel. 986 50 74 16 - [info@mexillondeg Galicia.org](mailto:info@mexillondeg Galicia.org)

*En cumprimento da lexislación vixente en materia de Protección de Datos indicámoslle que os datos persoais que Vd. nos facilita de forma voluntaria por calquera dos nosos medios de recollida de información serán incorporados a tratamentos automatizados e/ou manuais. De ditos tratamentos é responsable CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE MEXILLÓN DE GALICIA con CIF Q-8655621-D e as súas finalidades son: Xestión de clientes e/ou posibles clientes, facturación de servizos e/ou produtos, xestións con provedores, xestión laboral, selección de candidatos. Os datos serán conservados mentres dure a relación que xera dito tratamento ou durante os anos necesarios para cumprir as obrigas legais. Os datos obxecto do tratamento serán tratados de forma confidencial e só serán cedidos a terceiros nos casos que exista unha obriga legal. Se desexa máis información respecto ao tratamento dos seus datos, rectificar aqueles que sexan inexactos, opoñerse e/ou limitar algún tratamento que considere que non é necesario ou solicitar a cancelación do tratamento cando os datos xa non sexan necesarios, pode dirixirse por escrito (sempre acreditando a súa identidade) a: CONSELLO REGULADOR DA DENOMINACIÓN DE ORIXE MEXILLÓN DE GALICIA en Avda. da Mariña, 25 – 1º, 36600 – Vilagarcía de Arousa (Pontevedra) ou mediante correo electrónico a [info@mexillondeg Galicia.org](mailto:info@mexillondeg Galicia.org).*

### ANEXO III

<b>DESCRIPCIÓN FUNCIONAL DO POSTO DE TRABALLO DE TÉCNICO PARA O CONTROL DA CALIDADE DO MEXILLÓN DE GALICIA (CONTROLADOR EN PORTO)</b>	 MEXILLÓN DE GALICIA Consello Regulador
---	--

As operacións de Técnico para o Control de Calidade do Mexillón de Galicia realízanse a ceo aberto con dispoñibilidade horaria de luns a domingo, nos portos de descarga de Galicia (Orde de 11 de decembro do 2008, da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos (hoxe Consellería do Medio Rural e do Mar) pola que se regula a descarga de mexillón e o seu control, para o cal o candidato/a deberá dispoñer de vehículo para realizar os desprazamentos necesarios para o desempeño das actividades en distintos portos de descarga, e as tarefas a realizar inclúen:

- A toma de mostras de mexillón.
- Operativa de preparación da mostra (limpeza, cocción, escunchado).
- Avaliación dos parámetros de calidade (pesado e operacións aritméticas).
- Transcrición dos resultados do control aos documentos correspondentes (emisión telemática).
- Actividades de conservación dos medios de traballo
- Actividades similares e complementarias das anteriores.

--O--